



Aviso Importante!!!

SANCIÓNS POR COLOCACIÓN DE CARTEIS OU ELEMENTOS PUBLICITARIOS.

■ O Servizo de conservación de estradas da Xunta de Galicia informou a este concello que, de modo inmediato, comezarán a impoñer multas por colocación de carteis publicitarios nas marxes das vías autonómicas.

Segundo a normativa aplicable, Decreto 66/2016 do 26 de maio, Regulamento xeral de estradas de Galicia, a sanción mínima será de 10.001€.

Polo tanto URXE a retirada de todo tipo de publicidade (festas, eventos,...) que sexan visibles dende a zona de dominio público da estrada.

AXENDA ASOCIATIVA PARA SETEMBRO

- **27ª Carreira popular do Gundián:** domingo 9 de setembro na Ponte Ulla.
- As actividades extraescolares da **ANPA do CPI de Vedra** abren o prazo de inscrición o 3 de setembro.
- A **Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla** abre o prazo de inscrición os días 6 e 7 de setembro.
- A **Escola de Música de Vedra** abre o prazo de inscrición os días 17 e 18 de setembro.
- A **Asociación Berenguela pola Iguadade** presenta o vídeo "Micromachismos. Machismo invisibilizado" o 14 de setembro.
- A **Asoc. Cultural Papaventos** abre o prazo de inscrición para clases de teatro do 10 ao 29 de setembro.
- **Circuíto Galego de Teatro Amador:** venres 28 de setembro ás 21:15 h. 'Catro corazóns sen freo e marcha atrás', de Teatro Antas de Ulla.
- A **Asoc. Cultural San Campio** abre o prazo para anotarse nas actividades de música e baile que organiza.

SETEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

AXENDA PARA O MES DE SETEMBRO

- **Festa de fin das actividades de verán.** O sábado 8 de setembro no campo da festa de Vedra.
- **Actividades culturais e deportivas.** Aberto o prazo de inscrición: do 3 ao 21 de setembro. Bótalle un ollo a todas as propostas no **folleto de actividades** para o curso 2018/2019.
- **Iniciativa Xuvenil.** Comeza o 10 de setembro.
- **Reunión informativa sobre o servizo de madrugadores.** O 13 de setembro.
- **Charla obradoiro: Descubre o teu solo pélvico.** O sábado 29, no Centro Social de Vedra.
- **Axenda de actividades para a terceira idade:**
 - **Celebración da patroa do Centro Social "Festa do Burgo",** na carballeira o 8 de setembro.
 - **Bingo:** xoves 13 de setembro.
 - **Excursión ao "Fucioño do Porco"** (Comarca de o Vicedo): 19 de setembro.
 - **Ciclo informativo "O móbil e as súas aplicacións":** xoves 27 de setembro.

BÓTALLE UN OLLO AO...

- O programa de actividades culturais e deportivas para o curso 2018 - 2019 que se achega con este boletín!! No seu interior toda a información: Actividades, horarios, prezos, prazo de inscrición...

Horario no Concello de Vedra de atención ao público
no verán: ata o 15 de setembro de 9:00 A 13:00 h.



Ruta da Vía da Prata e San Xoán da Cova, dentro do programa Goza do Ulla que tivo lugar o pasado mes en Vedra.



Festa do Chourizo na Área recreativa de Cubelas.



Foto do equipo gañador no recuperado Trofeo Concello de Vedra.



Festa de clausura de actividades da piscina municipal.



Representación do traslado dos restos do Apóstolo Santiago en terras da Raíña Lupa.



A Asociación Senunpeso rematou as proxeccións incluídas no 4x4x4 Cine de Verán.



Tradicional sardiñada, unha das actividades coas que comeza a programación cultural e festiva do Santiaguíño.



Gañadores da IX edición da Concentración de espantallos.



Tarde infantil proposta pola Asociación de veciños de Vilanova.



Xantar de confraternidade na XII Ruta cabalar do Santiaguíño.



Foto de familia da Carreira infantil pedestre do Santiaguíño.



Representación teatral "A Corva" de Cristina Collazo.

VIAXE A BOS AIRES

■ Estase a organizar dende o concello unha viaxe a Bos Aires na primeira quincena de decembro, se estás interesado/a chama ao telefono 9814 814 691 para anotarte.



TRANSPORTE PÚBLICO DE GALICIA... GRATUITO!!

■ Dende o Concello de Vedra lembramos a existencia da TARXETA XENTE NOVA, un sistema implantado e subvencionado pola Xunta de Galicia que permite realizar todas as viaxes interurbanas gratúitas dende os 4 anos ata o día que cumpras os 19!!



Tes toda a información e a forma de solicitala na páxina <http://tmg.xunta.gal>.

Se tes algunha dúbida ou precisas axuda para solicitala só tes que achegarte a Área de Extensión Sociocultural ou chamar ao 981 814 691.

INFORMACIÓN SOBRE A CIRCULACIÓN EN BICI

■ Dende o concello de Vedra facemos chegar información útil sobre a relación entre a estrada, a conducción e as bicicletas!!




MINISTERIO DEL INTERIOR



JEFATURA PROVINCIAL DE TRÁFICO DE CORUÑA

Se te mobes con bici

Consellos útiles



O casco bensusxeito




Xiro a esquerda Xiro a dereita Sinal de parada

Sinalice as súas manobras con antelación, evitando sorprendere aos outros condutores.

- Utilice elementos reflectores
- Se circula en grupo pode facelo en fila de a dous, pero nos tramos de senvibilidade, en fila india
- Non empregue casco, auriculares ou teléfono móbil mentras conduza

Se conduces un automóbil

- Amínore a velocidade en zonas onde é previsible a irrupción de ciclistas ou peóns na rúa.



Educacion@jgc@dgt.es



Cando adiante a un ciclista mantéñase separación frontal e lateral.

¿E se de fronte se aproxima outro ciclista?
Se non é posible manter a separación lateral mínima – 1,5 metros – **NON ADIANTE**. O Regulamento Xeral de Circulación así o establece no seu artigo 85: "queda prohibido adiantar poñendo en perigo a outros condutores que circulen en sentido contrario"

Doctor Moragas, 10
15006 A CORUÑA
TEL: 981 280377 ext. 113
FAX: 981 280077

Cultura e Deporte

Bótalle un ollo ao programa de actividades culturais e deportivas para este novo curso que se achega con este boletín. O prazo para anotarse nelas estará aberto do 3 ao 21 de setembro.

FESTA DE FIN DAS ACTIVIDADES DE VERÁN

■ O concello pon o broche final a todas as propostas de verán, tanto as municipais como as asociativas cunha actividade de convivencia.

O sábado 8 de setembro:

- A partir das 19:00 h no campo da festa de Vedra haberá inchables, música, intercambio de experiencias,...
- Ás 21:30 h. proxección da película: "Ballerina".

Unha experiencia de balde que nos permitirá despedir este verán cheo de actividade!!!

ESCOLAS DEPORTIVAS DE FÚTBOL DE VEDRA



¿QUERES ENTRENAR CON NÓS????

ED VEDRA 2018/2019

TEMPADA 2018/2019

FÚTBOL 11:

- XUVENIL (2000-2002)
- CADETE (2003-2004)
- INFANTIL (2005-2006)

Coordinador: Carlos-650353692

FÚTBOL 8:

- ALEVÍN (2007-2008)
- BENXAMÍN (2009-2010)
- PREBENXAMÍN (2011-2012)
- BIBERÓN (2013/2014)

Coordinador: Benjamín-650114328

GÚSTACHE O FÚTBOL?

APÚNTATE E GOZA

SE CHE GUSTA XOGAR AO FÚTBOL AGORA TES UNHA BOA OPORTUNIDADE. APÚNTATE E GOZA PRACTICANDO ESTE BONITO DEPORTE NAS **ESCOLAS DEPORTIVAS DE VEDRA**.

A QUE ESPERAS, APÚNTATE XA!!!!!!!

EXPERIENCIAS QUE TRANSFORMAN VEDRA 100x100

■ O Concello de Vedra pon en marcha o espazo web: <https://experienciasquetransforman.webnode.es/> que pretende ser un punto de encontro entre a mocidade do territorio, onde poder facer visibles experiencias de participación en proxectos de mobilidade xuvenil, actividades asociativas e programas municipais, coa intención de poñer en valor a importancia de implicarse neste tipo de iniciativas de "educación non formal" que permiten a adquisición de novas capacidades e competencias, xeran autonomía... e transforman ás persoas participantes e á súa comunidade.

Ao longo da última década, máis de 150 mozas e mozos do concello de Vedra participaron en diferentes programas de mobilidade xuvenil: intercambios, voluntariado europeo e internacional, campos de traballo, Galeuropa, formación Erasmus+... Estas experiencias cómpre difundilas e poñelas en valor.

O movemento asociativo do concello de Vedra está formado por máis de 70 asociacións que desenvolven unha gran variedade de iniciativas e proxectos innovadores no ámbito da cultura (folclore, teatro, audiovisual...), do medio ambiente, da igualdade e do deporte. Este é un escaparate para poñer en valor o seu quefacer.

INICIATIVA XUVENIL

■ A asociación xuvenil ACUXUVE en colaboración co concello de Vedra propón unha iniciativa xuvenil a partir do 10 de setembro en horario de tarde. Esta destinada á mocidade de Vedra e será gratuíta.

A iniciativa tratará sobre o grafito e será impartida por Vella Escola, incluírá unha saída á Ribeira Sacra. Contarase con servizo de transporte.



EXPERIENCIAS QUE TRANSFORMAN

INICIO

Queremos xerar un punto de encontro entre a mocidade do **Concello de Vedra**, onde poder visibilizar experiencias de participación en proxectos de mobilidade xuvenil, actividades asociativas e programas municipais, coa intención de poñer en valor a importancia de implicarse neste tipo de iniciativas de "educación non formal" que permiten a adquisición de novas capacidades e competencias, xeran autonomía... e **transforman** ás persoas participantes e á súa comunidade.



Os programas municipais dirixidos á xuventude tamén teñen o seu espazo. Por un lado, tratan de ofrecer oportunidades informativas e de comunicación, por outro, mellorar as habilidades e competencias da xuventude, e finalmente fomentar o emprendemento como forma de creación de autoemprego.

Esta web pretende ser dinámica, polo que pouco a pouco vaise ir ampliando con novas experiencias. Podedes facernos chegar as vosas iniciativas asociativas ou experiencias de mobilidade a: xuventude@concellovedra.com

Os interesados/as poden anotarse no teléfono: 981 81 4691 (Departamento de cultura do concello de Vedra).



iniciativa xove



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado



Turismo

VEDRA DE TAPAS

■ Na primeira quincena de outubro terá lugar unha nova edición do Vedra de Tapas, o xa tradicional Roiteiro – Concurso de Tapas polos establecementos da hostalería local.

Máis información no vindeiro boletín.

vedra
detapas





SERVIZO DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA

■ Na programación do Centro sociocultural da Terceira Idade, desenvólvense dende o pasado mes de xaneiro un servizo de estimulación terapéutica para persoas con alzhéimer ou outras demencias.

Trátase dunha actividade executada pola asociación "AGADEA", en coordinación cos Servizos sociais municipais, a través dunha educadora social e unha xerocultora. Se tes interese, ponte en contacto no: 981 814 695.

A primeira valoración para determinar a adecuación da posible persoa usuaria ao servizo será realizada por unha psicóloga.

• **Horario:** martes, xoves e venres de 10 a 13 h.

SERVIZO DE ESTIMULACIÓN TERAPÉUTICA PARA PERSOAS CON ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS



ACTIVIDADES TERCEIRA IDADE

■ **Celebración da patroa do Centro social. "Festa do Burgo", na carballeira.**

Sábado 8 de setembro ás 12:30 h.

Programa: misa cantada pola Coral da Terceira Idade, haberá "pulpeiro", os que queiran poden levar o xantar.

■ **Bingo**

Xoves 13 de setembro ás 20 h.

■ **Excursión "O Fuciño do Porco", comarca de O Vicedo.**

Mércores 19 de setembro

Prezo: 25 € (Inclúe: transporte, comida e visitas) - prazas limitadas. (O prazo de inscrición para esta saída ábrese o 8 de setembro. As prazas e número de asento adxudícanse por orde de inscrición).



■ **Inicio ciclo informativo "O móbil e as súas aplicacións"**

Xoves 27 de setembro ás 20 h.

Grupos:

Iniciación: manexo básico (chamadas, uso da cámara, etc.).

Avanzado: whatsapp, usar o e-mail, aplicacións.

PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EDUCATIVO MUNICIPAL

■ Lembramos que continuamos a prestar este servizo coa intención de:

- Facilitar o acceso aos distintos itinerarios formativos.
- Ofrecer información e orientación en cuestións educativas.

• Asesoramento ás familias sobre as posibles alternativas educativas.

Para calquera consulta pedir cita previa no teléfono 981 814 612.



LUDOTECA

■ O mes de setembro vén cargado de actividades onde a maior parte delas estarán centradas na realización de obradoiros e talleres. A través de xogos ensinaremoslles @s nen@s a convivir cos outros, a ser persoas cunha mirada crítica; tendo o obxectivo de interactuar coas familias, e constituír un punto de orientación. Trataremos de informarllos sobre diversos aspectos que inflúen no desenvolvemento educativo d@s nen@s, posto que a ludoteca ademais de ser un centro lúdico, tamén constitúe un espazo educativo no que pretendemos apoiar e complementa-la tarefa educativa que realizan a familia e a escola.

Con esta intención, propoñemos os seguintes obradoiros e actividades:

- Obradoiros.
- Xogos cooperativos.
- Experimentos divertidos : "O profesor chifrado".
- Gran xogo.



- Xincanas.
- "Menud@s artistas".
- Móvete e baila.
- Obradoiro de xoguetes de refugallo.
- Supercchef.

Horario ludoteca en setembro

O horario do 1 ao 11 de setembro será de 8:30 a 14:30 h.

A partir do día 13 o horario do servizo de ludoteca será o seguinte:

- Luns, mércores e venres de 15:00 a 20:00 h.
- Martes e xoves de 17:00h a 20:00 h.

AVISO:

A partir do 1 de setembro poderán realizar as inscricións para a Ludoteca do curso 2018-2019, é imprescindible que @s menores que vaian a utilizar o servizo na modalidade de días soltos, realicen a inscrición para poder empregar o servizo de ludoteca durante o curso.

A solicitude pódese realizar no propio concello ou ben descargando a solicitude na páxina web do concello e enviala por correo electrónico a: carmen.sabio@concellodevedra.com

Máis información no teléfono 699 041 486 ou 981 814 693; en horario de 9.00 a 13.00 h.



Concello de Vedra



XUNTA DE GALICIA

SERVIZO DE MADRUGADORES

■ O servizo de madrugadores no marco do Programa de Conciliación Conxuga, continúa a funcionar no curso 2018/2019; comezando o día 13 de setembro, podendo facer uso do servizo dende este mesmo día. O horario do servizo desenvólvese dende as 7:00 ata as 9:30 h.

Importante:

O día 13 de setembro haberá una reunión para todas as familias interesadas en empregar este servizo no local da Ludoteca ás 20:00 h.

A solicitude pódese realizar no propio concello ou ben descargando a solicitude na páxina web do Concello e enviala por correo electrónico a carmen.sabio@concellodevedra.com

Máis información no teléfono 699 041486 ou 981 814 693; en horario de 9:00 a 13:00 h.



XUNTA DE GALICIA



Concello de Vedra



ESCOLA DE FAMILIAS

■ Neste mes, Escola de Familias, xa está a preparar a nova andadura para outubro cunha temática e unha dinámica de traballo que vos vai interesar...; que vos parecería formar parte dunha rede de familias educadoras?



Xa queda menos ¡Vémonos pronto!

CHARLA OBRADOIRO: DESCOBRE O TEU SOLO PÉLVICO

■ O sábado 29 ás 20:00 h. no centro social de Vedra. As persoas interesadas poderanse anotar de xeito gratuíto telefonicamente ou ben por enderezo electrónico a carmen.sabio@concellodevedra.com

Máis información no teléfono 699 041 486 ou 981 814 693; en horario de 9:00 a 13:00 h.

É necesario traer unha “esterilla” para realizar o obradoiro.

Actividade gratuíta impartida por M^a Carmen Souto Fraga (fisioterapeuta)

Anímate e participa!!!

Mulleres

VEDRA EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

■ Investir de poder ás mulleres, promover a súa participación na esfera pública, e sensibilizar a homes e mulleres nunha actitude activa na loita contra a violencia de xénero son algúns dos puntos con que o recentemente aprobado Plan de Igualdade do concello de Vedra adquire o compromiso a través de actuacións estratéxicas como as seguintes: Aumentar os recursos en atención á violencia de xénero e á violencia sexual, e a facelo desde un enfoque de xénero; sensibilizar á cidadanía sobre a necesidade dunha repartición equitativa do traballo de coidados que sostén os fogares e potenciar o recoñecemento dos dereitos do emprego do fogar; apoiar o empoderamento das mulleres e a súa participación na esfera pública en todos os ámbitos, concienciar á cidadanía para que teñan unha ac-

VEDRA EDUCA

■ A partir de outubro gustaríanos comezar a andadura deste novo programa, *Vedra Educa*. Este proxecto vai dirixido a nais e pais con fillos/as menores de 3 anos do concello de Vedra.



Trátase de traballar coas familias na procura de:

- Promover o recoñecemento e valoración do rol de pais e nais no desenvolvemento integral dos e das menores de 3 anos.
- Fortalecer as capacidades como pais e nais para promover o desenvolvemento infantil dende as accións da vida cotiá, facendo uso dos recursos e espazos do ambiente familiar como elementos educativos.
- Fortalecer as redes de apoio na crianza e educación dos menores.

Pensamos que *Vedra Educa* podería facilitarlle ás familias interesadas unha nova oportunidade de participar da aprendizaxe nesta liña pedagóxica.

As persoas interesadas contactar no teléfono 699 041 486 en horario de 9:00 h a 14:00 h.



titude activa na loita contra a violencia de xénero, así como apoiar ás mulleres que a sofren con recursos; aumentar os recursos en atención á violencia de xénero e á violencia sexual e facelo desde un enfoque de xénero e de defensa dos dereitos humanos; impulsar medidas a favor das mulleres que viven en situacións de maior vulnerabilidade, especialmente as familias monoparentais.

MULLERES ASASINADAS
ANO 2018



 **Concello
de Vedra**

 **Pacto de Estado**
contra la violencia de género

FESTA DAS DORES EN VEDRA

VEDRA

1 **FESTA DAS DORES 2018**
Pola noite gran actuación das Orquestras:

GRAN PARADA CHANNEL

2 **DOMINGO**
Dende as 9:00h. misas rezadas cada hora e misa solemne as 13:00h. Funcionistas: Familia Espiño e Familia Núñez.
A partir das 10:30h. entrada das Bandas de:

STA. CRUZ DE RIVADULLA E BANDA DE MERZA
Pola noite concerto e verbena a cargo das Bandas de

STA. CRUZ DE RIBADULLA BANDA DE MERZA
Lanzamento de bombas, monifate, ramos e fogos artificiais a cargo de PIROTECNIA GAITEIRO.

3 **LUNS**
Misa solemne ás 13:00h.
Sesión vermou a cargo de: **D'MODA**
Pola noite gran verbena a cargo das Orquestras:

D'MODA e PARIS de NOIA

FESTAS DO GUNDIÁN EN PONTE ULLA

FESTAS GUNDIÁN 18
PO TE ULLA
7/8/9 SETEMBRO

7 **PROCESIÓN DE GUNDIÁN**
21.00 h. Misa na Igrexa parroquial de Ponte Ulla
21.30 h. Procesión da Virxe ata capela precedido dun impresionante **Espectáculo de fogos de artifício** na Ponte Vella a cargo de **PIROTECNIA PENIDE**
Durante a procesión a Virxe irá acompañada pola Asociación Cultural **PENA DO CORVO**
Xa no campo da festa, aparte de poder degustar bo pulpo e churrasco pasarémolo en grande coa Asociación Cultural **PENA DO CORVO** e **DUO OBICE CAPITAL**

8 **GUNDIÁN GRANDE**
Misas rezadas ás 10.00 // 10.30 // 11.00 // 11.30 // 12.00
Misa solemne ás 13.00 h. cantada polo **CORO PARROQUIAL DE PONTE ULLA**
O grupo **A GAITA DE SARANDON** será que nos acompañe e amenice este día de festa.

9 **GUNDIÁN PEQUENO**
Misas rezadas ás 10.00 // 10.30 // 11.00 // 11.30 // 12.00
Misa solemne ás 13.15 h. cantada polo **CORO PARROQUIAL DE PONTE ULLA**
Durante o día a festa está garantida coa **CHARANGA OS ATREVIDOS**
Pola tarde **XOGOS POPULARES** donde pequenos e maiores poderán pasalo en grande.

ARTESANÍA DE GALICIA
Asociación Cultural Pena do Corvo (Rede Cultural Diputación da Coruña)

PIROTECNIA PENIDE
www.pirotecniaenpide.com

FESTAS DO PATIO EN SANTA CRUZ DE RIBADULLA

O PATIO 2018
Santa Cruz de Ribadulla

8 **SETEMBRO**
Procesión ás 20:30h. dende a Igrexa ata a Capela das Doreas. Novena á chegada

15 **SABADO**
FESTA DAS DORES.
Misa rezada ás 10 e ás 11:30h.
As 12:00h. concerto da BANDA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA
Misa solemne ás 13:00h. cantada pola "CORAL POLIFÓNICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA"
Sesión vermou coa BANDA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA.
Verbenas a cargo de:

FANIA BLANCO e CLAXON SHOW

16 **DOMINGO**
FESTA DO CARME.
As 11:00h. Procesión da Virxe das Doreas.
As 12:30h. Concerto da BANDA DE MÚSICA DE RIANXO.
As 13:30h. Misa solemne.
Sesión vermou coa BANDA DE MÚSICA DE RIANXO e a Charanga BB+.
Verbenas a partir das 21:30h. a cargo de

MAR DAVILA e a Charanga BB+

17 **LUNS**
FESTA DO PATIO.
As 10:30h. entrada da BANDA DE MÚSICA DE ARCOS DE VALDEVEZ (Portugal) e SANTA CRUZ DE RIBADULLA.
Misa rezada ás 11:00h.
As 11:30h. concerto das Bandas.
Misa solemne ás 13:00h. cantada pola CORAL POLIFÓNICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA.
Sesión vermou coa BANDA DE MÚSICA DE ARCOS DE VALDEVEZ (Portugal) e SANTA CRUZ DE RIBADULLA.
As 20:00h. Concerto das BANDAS:

BANDA DE ARCOS DE VALDEVEZ (Portugal)
BANDA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA
BANDA SOLIDARIA GALEGA (A favor dunha causa Benéfica)

GRAN ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO A CARGO DA PIROTECNIA PENIDE

17 SETEMBRO
O patio
SANTA CRUZ DE RIBADULLA '18

PROGR MAGIÓ

10.30 Banda de música de Arcos de Valdevez (Portugal) e Santa Cruz de Ribadulla
11.30 concerto das bandas
Sesión Vermou Banda de música de Arcos de Valdevez (portugal) e Santa Cruz de Ribadulla
20.00 Concerto das Bandas
00.30 Espectáculo pirotécnico a cargo de PIROTECNIA PENIDE

GRAN ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO A CARGO DE PIROTECNIA PENIDE

BANDA SOLIDARIA GALEGA
Maestro Juan Lois Diéguez

ESPECTÁCULO SOLIDARIO

BANDA DE MÚSICA DE ARCOS DE VALDEVEZ (PORTUGAL)
Maestro Gil Magalhaes

BANDA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA
Maestro Jose Rodriguez Ramos

ARTESANÍA DE GALICIA
www.pirotecniaenpide.com

27ª CARREIRA POPULAR DO GUNDIÁN

27ª CARREIRA POPULAR DO GUNDIÁN

9 SETEMBRO 2018
10:30 PONTE ULLA VEDRA

Inscripción gratuita e obrigatoria, ata o 5 setembro en:
www.GUNDIAN.gal

180 €, 100 € e 75 € para os 3 primeiros en categorías feminina e masculina. Categorias de 0 a 99 anos. Premios para todos os participantes. Máis de 750 € en vales de compra. Sorteos entre os participantes: bicicleta de montaña + o peso en litros de gasóleo.

www.facebook.com/carreiragundian + info: contacto@gundian.gal / 690 129 257

NOVA TEMPADA DO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

CLUB OLÍMPICO DE VEDRA

ESCOLAS DEPORTIVAS 2018-2019

TRIATLÓN

GRUPO DE INICIACIÓN	LUNS	MÉRCORES	VENRES
PISCINA CLIMATIZADA DE TEO	17:45 a 18:30 natación		
• prebenxamín (nad@s en 2011 e 2012)			
• benxamín (nad@s en 2009 e 2010)			
• alevín (nad@s en 2007 e 2008)			
• infantil (nad@s en 2005 e 2006)			
• cadete (nad@s en 2002, 2003 e 2004)			
• xuvenil (nad@s en 2000 e 2001)			

ATLETISMO

GRUPO DE BASE	LUNS	MÉRCORES	VENRES
PISCINA DE TEO, PAVILLÓN E PISTA DE VEDRA	19:00 a 20:30 Carreira e natación Piscina climatizada de Teo	18:00 a 19:00 Carreira e/ou ciclismo no pavillón ou pista de Vedra 19:30 a 20:30 natación na piscina de Teo	18:00 a 19:00 Carreira e/ou ciclismo no pavillón ou pista de Vedra 20:30 a 21:30 natación na piscina de Teo
• prebenxamín (nad@s en 2011 e 2012)			
• benxamín (nad@s en 2009 e 2010)			
• alevín (nad@s en 2007 e 2008)			
• infantil (nad@s en 2005 e 2006)			
• cadete (nad@s en 2002, 2003 e 2004)			
• xuvenil (nad@s en 2000 e 2001)			

GRUPO DE INICIACIÓN PAVILLÓN DE TOURO	MARTES	XOVES
• prebenxamín (nad@s en 2012)	17:00 a 18:00	17:00 a 18:00
• benxamín (nad@s en 2010 e 2011)		
• alevín (nad@s en 2008 e 2009)		
• infantil (nad@s en 2006 e 2007)		
• cadete (nad@s en 2004 e 2005)		
• xuvenil (nad@s en 2002 e 2003)		

GRUPO DE BASE PAVILLÓN E PISTA MULTIUSOS DE VEDRA	LUNS	MÉRCORES	VENRES
• prebenxamín (nad@s en 2012)	17:00 a 18:00	17:00 a 18:00	
• benxamín (nad@s en 2010 e 2011)			
• alevín (nad@s en 2008 e 2009)	17:00 a 18:15	17:00 a 18:15	17:00 a 18:15
• infantil (nad@s en 2006 e 2007)			
• cadete (nad@s en 2004 e 2005)			
• xuvenil (nad@s en 2002 e 2003)			

GRUPO DE TECNIFICACIÓN PAVILLÓN E PISTA MULTIUSOS DE VEDRA	LUNS	MÉRCORES	VENRES
• cadete (nad@s en 2004 e 2005)	18:00 a 19:30	18:00 a 19:30	18:00 a 19:30
• xuvenil (nad@s en 2002 e 2003)			

necesario cumprir as mínimas exixidas

SOLICITA PRAZA XA !!!

PRAZAS LIMITADAS
INSCRÍBETE OU PIDE INFORMACIÓN EN
www.olimpicodevedra.org ou no teléfono 656 580 706

Logos: Ulla Oil, Concello de Vedra, Deputación da Coruña, TRI-CONCEPT, Ramsa, AGUA KM CERO, ABANCA, DEPORTE GALEGO, GALICIA SAUDABLE.

MICROMACHISMOS. MACHISMO INVISIBILIZADO

■ **Presentación do vídeo "Micromachismos. Machismo invisibilizado", un vídeo colaborativo e interxeracional para facer visible o machismo cotián.**

- **Organiza:** Asociación Berenguela pola Igualdade.
- **Colaboran:** Concello de Vedra / Deputación da Coruña.

A Asociación Berenguela pola Igualdade organiza o próximo 14 de setembro a presentación do vídeo "Micromachismos. Machismo invisibilizado", un vídeo sensibilizador que ten como obxectivo facer visible o machismo cotián.

O vídeo, producido pola propia asociación dentro do marco do proxecto "De cor transparente", conta coa colaboración de varias asociacións culturais e establecementos vedreses e a aparición de varias veciñas do concello de todas as idades. Ao rematar a proxección do vídeo terá lugar un coloquio.

Máis información, no facebook da Asociación Berenguela.

MICROMACHISMOS. MACHISMO INVISIBILIZADO

UN VÍDEO COLABORATIVO E INTERXERACIONAL PARA VISIBILIZAR O MACHISMO COTIÁN

PROYECCIÓN E COLOQUIO

VEDRA
14 de SETEMBRO de 2018

Logos: Berenguela, Deputación da Coruña, Concello de Vedra.

ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN CAMPIO

■ Clases de música e baile:

- Gaita.
- Acordeón.
- Percusión.
- Baile tradicional.
- Pandeireta.
- Guitarra.

Prezos:

Música e baile tradicional:

- Baile + pandeireta 10€/mes socios (non socios, 18€/mes).

Acordeón:

- Maiores de 12 anos: 18€/mes socios (non socios, 25€/mes).
- Menores de 12 anos: 12€/mes socios (non socios, 20€/mes).

Guitarra:

- 15€/mes socios (non socios, 20€/mes).

Novidade:

- Clases de baile tradicional de adultos para bailar en serás e foliadas (necesitarase grupo mínimo).

Inscripcións e máis información:

- 678 826 516 Angeles / 663 616 884 Vero.
- Email: acsancampio@gmail.com.
- Inscripcións ata o 15 de outubro.

CLASES DE TEATRO

■ A A. C. Papaventos organiza clases de teatro para rapazas e rapaces de 3 a 16 anos. As clases serán impartidas pola actriz Cristina Collazo nas mañás dos sábados de outubro a xuño no Centro social de Vedra.



- Do 10 ao 29 de setembro ábrese o prazo de inscrición.

- A inscrición realizarase a través do mail: ac_papaventos@yahoo.es.

Máis información a través deste mail ou no facebook da AC Papaventos.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DA ANPA DO CPI DE VEDRA

■ O prazo de inscrición comeza o día 3 de setembro no mail anpacpivedra@gmail.com

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ANPA CPI DE VEDRA

APRENDER INGLÉS NO CPI DE VEDRA, DE MANEIRA DIVERTIDA E CON MESTRA NATIVA

GRUPO INFANTIL (4 E 5 ANOS):
• Luns e Mércores de 15 a 16 h.

GRUPO DE 1º E 2º DE PRIMARIA:
• Luns e Mércores de 16 a 17 h

GRUPO DE 3º E 4º DE PRIMARIA:
• Martes e Xoves de 17.15 a 18.15 h

GRUPO DE 5º E 6º DE PRIMARIA:
• Luns e Mércores de 17.15 a 18.15 h

Segundo demanda opción de creación dun grupo extra no seguinte horario:
GRUPO DE 1º E 2º DE ESO:
• Luns e Mércores de 18.15 a 19.15h

PREZO: 25 € / mes

As actividades impartiránse de Outubro a Maio.

INSCRIBETE EN
anpacpivedra@gmail.com

*As actividades promovidas polo ANPA, poden sufrir modificacións. Mantente actualizado no noso Facebook [anpacpivedra](https://www.facebook.com/anpacpivedra) ou no noso Blog: anpacpivedra.blogspot.com.es

ACTIVIDADES PARA SOCIOS

XIMNASIA RÍTMICA
• Mércores de 16 a 17h.
• Polideportivo de Vedra
• Prezo 16 €/mes

BALLET
• Venres de 16 a 17h.
• Polideportivo de Vedra
• Prezo 16 €/mes

ÁBACO (maiores de 4 anos)
• Venres de 15 a 16h.
• Biblioteca municipal de Vedra
• Prezo 15 €/mes

ROBÓTICA (de 6 a 12 anos)
• Venres de 16 a 17h.
• Aula CEMIT. Biblioteca municipal
• Prezo 22 €/mes

PATINAXE EN FAMILIA
• Sábado de 16.30 a 17.30h.
• Pavillón de lestedo (pendente de confirmar)
• Prezo 16 €/mes

ZUMBA
• Luns de 16 a 17 h.
• Pavillón de Vedra
• Prezo 16 €/mes

CIRCUITO GALEGO DE TEATRO AMADOR

■ O último venres de setembro será o primeiro dos catro venres nos que terá lugar no Centro social de Vedra o Circuito Galego de Teatro Amador, organizado pola A. C. Papaventos en colaboración coa Federación Galega de Teatro Afeccionado.

CIRCUITO GALEGO DE

Teatro Amador

FEDERACIÓN GALEGA DE TEATRO AFECIONADO

28 SETEMBRO 21:15 h. CATRO CORAZONS CON FREO E MARCHA ATRÁS Teatro ANTAS DE ULLA (público familiar)	5 OUTUBRO 21:15 h. OS GARNICEIROS TEATRINO (público + 12)
12 OUTUBRO 21:15 h. AS MONXAS E A MARIA PALCATEUROS (Público familiar)	19 OUTUBRO 21:15 h. MANIFESTATE ANDARAIVA teatro (público familiar)

LUGAR: Centro Social de Vedra
Avda. Mestre Manuel Gómez, 41 (O Burgo)
Vedra
Entradas: 2'00 €

Venres 28 de setembro ás 21:15 h: " Catro corazóns con freo e marcha atrás" de Teatro Antas de Ulla" para público familiar.



NOVO CURSO DA ESCOLA DE MÚSICA SANTA CRUZ DE RIBADULLA

■ A Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla comeza unha nova tempada co curso escolar, arrancando as súas clases a partir do 12 de setembro.

A escola abre o seu prazo de inscrición presencial para matriculas novas no baixo da Casa da cultura de Santa Cruz de Ribadulla.

- **Datas:** 6 e 7 de setembro.
- **Horario:** de 17:00 a 21:00 horas.

ESCOLA DE MÚSICA DE VEDRA

■ En outubro dará comezo o curso escolar 2018-2019 da Escola de Música de Vedra. Ábrese prazo para novas matrículas os días 17 e 18 de setembro na aula de música do CPI de Vedra en horario de 16:00 a 19:00 horas.

Danse clases de solfexo e instrumento (piano, guitarra, violín, violonchelo, batería, frauta doce e frauta traveseira).

Máis información no teléfono 666 630 109.

Xanela da Lingua



■ O Seminario de sociolingüística analiza o uso do galego na infancia nos campamentos e outros contextos de educación non formal.

Nos últimos anos, asistimos a unha profunda transformación da familia como axente de socialización, polo que programas de conciliación familiar, actividades extraescolares, campamentos, etc, cobran un papel fundamental na adquisición de competencias así como de formación de hábitos lingüísticos.

Nestes ámbitos pon agora o foco o Seminario da Real Academia Galega, que presta atención aos cativos e cativas, así como ao persoal que se fai cargo deles.

“A educación non formal é un campo complexo de prácticas lingüísticas onde se mesturan as escollas individuais dos profesionais -unhas veces mediadas por unha conciencia pedagóxica e outras directamente ligadas á súa práctica diaria- coas políticas lingüísticas explícitas de empresa, vinculadas ás ordenanzas municipais e ao compromiso coa lingua galega das propias organizacións”, resume Martín Vázquez Fernández, colaborador do Seminario de Sociolingüística da Academia. O investigador da Universidade de Vigo, ofreceu, no marco do XIII Congreso de Lingüística Xeral celebrado na institución á que pertence, algúns

resultados preliminares desta investigación, que se leva a cabo dentro do proxecto Prácticas lingüísticas na infancia, que a Real Academia Galega desenvolve co apoio da Deputación da Coruña.

O interese por este proxecto parte de observar as dinámicas sociolingüísticas da infancia na educación non formal, nun contexto global caracterizado pola caída da transmisión interxeracional da lingua galega e un crecente monolingüismo entre as persoas máis novas.

Os obxectivos, detalla Martín Vázquez, pasan por obter información sobre as prácticas lingüísticas nos programas de educación non formal tanto entre o persoal como os cativos e cativas; analizar as actitudes e características sociolingüísticas dos traballadores e traballadoras, e o papel das linguas no seu labor profesional; e determinar a influencia dos diferentes niveis da política lingüística sobre estas actividades.

Como obxecto de estudo tomouse a comarca de Santiago, formada polos concellos de: Ames, Boqueixón, Brión, Santiago de Compostela, Teo, Val do Dubra e Vedra e expoñente dun dos procesos de revitalización lingüística do idioma galego existentes no eido urbano e periurbano galego.

PUBLICA A TÚA PROPOSTA:

Se pertences a calquera das asociacións de Vedra e o que queres é que a túa actividade saia publicada no Boletín, fáinolo saber no teléfono 981 814 691 ou no correo novas@concellodevedra.com co asunto: NOVA PARA O BOLETÍN. A DATA LÍMITE PARA FACELO SERÁ O 20 DE CADA MES.